

MATERIA
Historia Medieval I

TITULACIÓN
Grao en Historia

unidade
didáctica
6

A Europa de Carlomagno

Mariña Bermúdez Beloso

Área de Historia Medieval
Departamento de Historia
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA





Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

Deseño e maquetación
J. M. Gairí

Edita
Edicións USC
www.usc.gal/publicacions

DOI
<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155603>



MATERIA: Historia Medieval I

TITULACIÓN: Grao en Historia

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

BLOQUE I. ANTIGÜIDADE TARDÍA E TEMPERÁ IDADE MEDIA (Sec. IV-VIII)

Unidade I. A herdanza baixoimperial no mundo mediterráneo

A romanidade tardía

A Igrexa no Imperio

Os pobos xermanos

Unidade II. Economía e sociedade nos primeiros séculos medievais

A formación do feudalismo e os debates historiográficos

A economía rural e o debate sobre os grupos sociais

A cidade e os grupos urbanos

Unidade III. Os reinos bárbaros e as súas estruturas políticas

Os reinos efémeros

Os reinos anglosaxóns, o reino hispanovisigodo e o reino franco

A privatización da autoridade

Unidade IV. A igrexa romana como factor de unidade en Occidente

O marco xerárquico e a organización da Igrexa occidental

As misións evanxelizadoras

Unidade V. A cultura no Occidente bárbaro

O efecto das migracións sobre a cultura

Das escolas clásicas á escola confesional monástica, episcopal e parroquial

Os intelectuais do Occidente bárbaro

BLOQUE II. ALTA IDADE MEDIA (Sec. VIII-X)

Unidade VI. A Europa de Carlomagno

O ascenso dos carolinxios e o cambio de dinastía

Carlomagno e a coroación imperial do ano 800

A organización do Imperio

Luís o Piadoso e o primeiro reparto do Imperio

Unidade VII. As segundas invasións e a crise política carolinxia

A crise política e a desaparición do Imperio carolinxio

A renovación imperial en Alemaña e a ampliación do espazo na Europa central

A Francia feudal

Os países escandinavos e Inglaterra

Unidade VIII. Europa occidental nos séculos VIII-X. Economía e Sociedade

- A xeneralización da pequena explotación de tamaño familiar e a concentración da poboación rural
- O primeiro crecemento demográfico e agrario
- Os intercambios a curta e longa distancia

Unidade IX. Consolidación eclesiástica e vida relixiosa na Alta Idade Media

- A Igrexa no seo da orde carolinxia
- O Pontificado e a primeira ruptura coa Igrexa grega
- A Igrexa e os novos poderes tras a ruína da construción carolinxia
- Teoría e práctica relixiosa nos séculos medievais

Unidade X. Do renacemento carolinxio ao otoniano

- O renacemento carolinxio
- O renacemento otoniano
- A renovación do ensino e a unificación dos seus métodos



ÍNDICE

PRESENTACIÓN

1. Xustificación da Unidade Didáctica na programación da materia
2. Destinatario e duración

COMPETENCIAS**OBXECTIVOS****PRINCIPIOS METODOLÓXICOS****CONTIDOS BÁSICOS**

1. O ascenso dos carolinxios e o cambio de dinastía
 - 1.1. Carlos Martel, duque dos francos
 - 1.2. Pipino, primeiro rei carolinxio
2. Carlomagno e a coroación imperial do ano 800
3. A organización do Imperio
4. Luís o Piadoso e o primeiro reparto do Imperio

ACTIVIDADES PROPOSTAS**AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA****ANEXOS****BIBLIOGRAFÍA**

- Bibliografía básica
- Bibliografía complementaria
- Recursos en liña



PRESENTACIÓN

A presente Unidade Didáctica, titulada «A Europa de Carlomagno», forma parte da materia «Historia Medieval I» que se imparte como obrigatoria no primeiro semestre do segundo curso do Grao en Historia da Universidade de Santiago de Compostela, cunha carga lectiva de 6 créditos ECTS.

Como o seu propio nome indica, a materia céntrase na historia do período medieval, concretamente na primeira parte. A memoria oficial do Grao en Historia presenta de forma máis específica os contidos que deben ser abordados: a historia da cristiandade occidental durante o período medieval, dos séculos IV a X, diferenciando dous subperíodos dentro desta cronoloxía. No primeiro deles, a materia aborda o estudo da antigüidade tardía e do período xermánico (séculos IV a VIII), prestando atención aos principais aspectos de tipo político, económico, social, relixioso e cultural.

No segundo dos bloques, a materia céntrase nos principais acontecementos do occidente cristián entre os séculos VIII e X, etapa na que se articulan as primeiras institucións feudais e na que se consolida un universo cultural latino representado polo Imperio Carolinxio e o Sacro Imperio Romano Xermánico. O esquema que se segue é comparábel co do primeiro bloque, e nel aténdese a cuestións de tipo político, económico, social, relixioso e cultural.

1. Xustificación da Unidade Didáctica na programación da materia

A programación didáctica da materia Historia Medieval I propón un percorrido cronolóxico polos principais acontecementos políticos da historia do occidente cristián na Tardoantigüidade e Alta Idade Media, acompañado dunha análise diacrónica dos outros elementos clave para comprender o período como son a economía, a relixión, a cultura e a sociedade. Neste contexto, a figura de Carlomagno emerxe como un referente indiscutíbel, creador dun Imperio que influiría de xeito decisivo na evolución de boa parte do territorio europeo, ben pola súa intervención directa ou ben pola política de alianzas e intervencións máis alá das fronteiras imperiais.

Neste contexto, o estudo en profundidade da emerxencia da dinastía carolinxia, a creación, expansión e organización interna do Imperio e a análise crítica dos feitos resulta fundamental para avanzar na formación de futuras historiadoras e historiadores. Non é posíbel comprender a historia medieval da Europa occidental sen este período, que alterou a configuración do mapa europeo, recuperou ideas imperiais de épocas anteriores, sentou as bases para unha nova organización interna dos territorios coa creación dunha estrutura administrativa que perduraría máis alá do período carolinxo e impulsou unha renovación cultural e relixiosa, ademais de importantes transformacións nos sistemas de explotación agraria e no comercio.

2. Destinatario e duración

O destinatario da unidade didáctica que se propón é o alumnado do segundo curso do Grao en Historia. Ao tratarse dunha materia obrigatoria, toda aquela persoa que

course esta titulación na Universidade de Santiago de Compostela deberá superala para completar os seus estudos.

A materia Historia Medieval I constitúe a primeira aproximación aos acontecementos, procesos, cambios e demais dinámicas da Idade Media. Non é necesario ter superado ningunha das outras materias que compoñen a planificación docente xeral do grao, aínda que é recomendábel ter superado Historia Antiga I e II e Historia da Arte e Cultura Medievais, as tres do 1º curso do grao. Tendo en conta que no currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato a historia medieval só está presente en 2º da ESO e 2º de Bacharelato, esta última limitada á Península Ibérica, non se presupoñen coñecementos de certa profundidade entre o alumnado, senón que se partirá do elemental para afianzar ben as bases sobre as que construír o discurso.

No que respecta á duración da unidade didáctica proposta, cómpre ter en conta a carga horaria que corresponde a toda a materia e o lugar específico que ocupa dentro dela. Ao tratarse dunha materia de 6 créditos ECTS, correspóndenlle ao alumno ou alumna 150 horas de dedicación total, coa seguinte división que figura na memoria do grao:

- 45 horas de traballo presencial, divididas en 30 de clases expositivas e 15 de interactivas;
- 2 horas de titorías en grupo moi reducido;
- 3 horas de avaliación;
- 100 horas de traballo autónomo.

Tendo en conta a programación didáctica completa da materia, que se compón de 10 unidades, e que a unidade en cuestión é de maior extensión que as restantes, esta desenvolverase ao longo de 6 horas de docencia expositiva presencial na aula e de 3 horas de clases interactivas, o que equivale a tres semanas completas.

COMPETENCIAS

Na ficha da materia incluída no plan de estudos da memoria do Grao en Historia figuran aquelas competencias que se traballan nela, de entre todas as da titulación; na páxina web propia do grao figuran tamén recollidas as competencias xerais, específicas e transversais da materia. De entre todas elas seleccionáronse aquelas que se van traballar na unidade didáctica proposta, que no caso das competencias xerais son as seguintes:

- **CX1.** Coñecer e analizar a estrutura diacrónica da historia.
- **CX2.** Usar, ordenar e interpretar as fontes históricas.
- **CX3.** Coñecer e ter habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información, tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivos e referencias electrónicas.

Traballaranse así mesmo as seguintes competencias transversais:

- **CT1.** Aplicar pensamento analítico, crítico, lóxico e creativo, demostrando dotes de innovación.
- **CT2.** Traballar de forma autónoma con responsabilidade e iniciativa.
- **CT4.** Comunicar información e ideas de xeito claro e efectivo en público.

No relativo ás competencias específicas, as seleccionadas foron as seguintes:

- **CE1.** Coñecer, analizar e transmitir a historia xeral e a historia propia do territorio.
- **CE2.** Coñecer, analizar e interpretar detalladamente un ou máis períodos específicos do pasado da humanidade.
- **CE7.** Comprender, interpretar e elaborar textos historiográficos ou documentos orixinais na propia lingua.

OBXECTIVOS

Ao igual que nas competencias, ao falar dos obxectivos cómpre diferenciar entre os xerais da materia e os específicos da unidade didáctica. Na presente unidade traballaranse todos os obxectivos xerais da materia que, tal e como aparecen formulados na programación docente da páxina web do grao, son os seguintes:

- **obxectivo xeral 1:** proporcionar un coñecemento racional e crítico do pasado da humanidade a fin de que o individuo e a sociedade en xeral poidan comprender o presente;
- **obxectivo xeral 2:** proporcionar un coñecemento preciso dos acontecementos e dos procesos de cambio e de continuidade nunha perspectiva diacrónica;
- **obxectivo xeral 3:** adquirir un coñecemento básico dos principais métodos, técnicas e instrumentos de análise do historiador.

Estes obxectivos están ligados cos resultados da aprendizaxe enunciados na memoria oficial do grao:

La historia es un proceso complejo, dinámico y abierto, y su comprensión sólo es abordable inicialmente a partir de la compartimentación del tiempo histórico en unidades cronológicas constituidas por épocas de diferente duración. Esto permite adquirir un conocimiento básico del pasado humano en todas sus vertientes (política, económica, cultural, social), así como de los grandes procesos de cambio y continuidad en los períodos o épocas en que se suele dividir la Historia. Dichos conocimientos deben abrirse a las diferentes civilizaciones y culturas, especialmente América. Esta división debe complementarse con el conocimiento del desarrollo histórico de territorios específicos. El conocimiento de la historia nacional propia es la competencia disciplinar más valorada por el personal académico en España y Europa, y se le ha de otorgar una presencia adecuada. Se trata además de una competencia que permite el conocimiento crítico de la comunidad de la que formamos parte.¹

A sexta unidade didáctica estuda os principais acontecementos producidos entre o 716 e o 840, con especial atención ao devir do reino franco e o cambio de dinastía

¹ *Impreso solicitud para verificación de títulos oficiales*, Grao en Historia, 2014, https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/WJY_ehGkiJ9hBYoNGbASMAhYDVYkzwKqTh0xFlu-CIV0/1635401117/public/plan/2021-09/Historia.pdf

reinante que acabou derivando na proclamación do primeiro imperio cristián no occidente medieval, con vinculacións coa Europa cristiá occidental pero tamén con importantes conexións con Bizancio e o mundo islámico. Os cambios nas fronteiras, o avance no proceso evangelizador ou a organización interna do propio Imperio deixarán pegadas moi visíbeis nos séculos posteriores. Tendo en conta os obxectivos xerais e os resultados da aprendizaxe que se establecen para a materia, enúncianse os seguintes obxectivos específicos:

- **obxectivo específico 1:** coñecer o contexto do final da dinastía merovinxia e do ascenso da carolinxia, interrogándose acerca das causas do cambio;
- **obxectivo específico 2:** estudar o caso específico de Carlomagno e as implicacións da dignidade imperial que acada, atendendo á importancia da súa figura e á súa posíbel mitificación;
- **obxectivo específico 3:** coñecer o proceso de expansión territorial do reino franco con Carlomagno e os seus antecesores, así como as dimensións territoriais que acada o Imperio Carolinxio e a conformación das marcas fronteirizas;
- **obxectivo específico 4:** estudar o Imperio Carolinxio nas súas distintas dimensións, prestando especial atención á súa organización e ao aparato administrativo que se crea;
- **obxectivo específico 5:** coñecer como foi o proceso de sucesión á morte de Carlomagno e as distintas reparticións proxectados durante o goberno do emperador Luís o Piadoso, ata chegar á resolución final do conflito.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Seguindo os principios que se impulsan desde o Espazo Europeo de Educación Superior, nos que se incide na necesidade de potenciar a participación do alumnado por medio de sesións interactivas, e tendo en conta o indicado no regulamento do grao con respecto ao reparto entre docencia expositiva e interactiva, complementadas coa asistencia a titorías individuais, os contidos da presente unidade didáctica desenvolveranse por medio de clases expositivas e interactivas.

Os contidos teóricos desenvolveranse en 3 sesións de 2 horas de duración ou ben en 6 sesións de 1 hora de duración, dependendo da organización horaria acordada polo decanato da Facultade de Xeografía e Historia. Nestas clases expositivas farase uso dos medios audiovisuais dispoñíbeis na aula, en especial do ordenador e os sistemas de proxección que permitirán utilizar materiais de apoio que complementen e faciliten a comprensión dos contidos expostos, en especial de material cartográfico (tanto dixitalización de mapas en formato impreso como mapas interactivos que se consultarán en liña ao longo da clase), fragmentos de fontes primarias, tanto literarias como documentais, e de fontes iconográficas. O esquema da unidade didáctica, así como o material cartográfico e textual empregado como apoio das exposicións dos contidos teóricos poñerase a disposición do alumnado a través da aula virtual, atendendo sempre á lexislación relativa á protección da propiedade intelectual.

No que respecta á parte interactiva da materia, esta desenvolverase en grupos máis reducidos e en sesións dunha hora de duración, ao longo de tres semanas consecutivas. Ao igual que nas expositivas, farase uso dos medios audiovisuais da aula así como das posibilidades que brinda o campus virtual para compartir materiais.

CONTIDOS BÁSICOS

Durante un século, entre 714 e 814, o *regnum francorum* non cesou de consolidarse primeiro e dominar despois a outros países, baixo o mando de tres xeracións sucesivas de carolinxios (Carlos Martel, Pipino o Breve e Carlomagno). A paralela consolidación do Islam en Hispania, a alianza carolinxia co pontificado e a posterior conquista da Italia lombarda, así como a amizade cos reinos anglosaxón e ástur, suxiren que a nova construción política se identificaba coa cristiandade occidental. Neste contexto non pareceu estraño resucitar o título imperial, aínda que a construción do Estado carolinxio non foi un proceso lineal, nin respondeu tampouco a unha soa idea directriz senón a varias, ás veces contrapostas. Para o estudo en profundidade da época carolinxia é necesario partir da evolución política do reino franco ao longo do século VIII e o proceso de cambio de dinastía, para logo afondar na súa expansión e na conformación do Imperio Carolinxio.

1. O ascenso dos carolinxios e o cambio de dinastía

Partindo das explicacións da Unidade III sobre o reino franco e en especial da figura do mordomo, neste primeiro apartado analizaranse dúas figuras clave no paso dado polos carolinxios de ocupar a mordomía a facerse co control do reino. Os contidos estruturaranse en dous subapartados: o primeiro dedicado a Carlos Martel e o segundo a Pipino o Breve. En anexos figura un esquema cos mordomos carolinxios de Pipino de Herstal a Pipino o Breve, último mordomo e primeiro rei da dinastía carolinxia.

1.1. Carlos Martel, duque dos francos

Pipino de Herstal conseguira reunir na súa persoa as tres mordomías de Austrasia, Neustria e Borgoña. Á súa morte no 714 produciuse unha crise debido á reacción da aristocracia de Neustria que pronto foi resolta e sucedeuno no cargo o seu fillo bastardo Carlos Martel, quen conseguiu reter as tres mordomías no seu poder. Entre outras políticas, procedeu a unha reorganización do reino desde a súa posición de mordomo de palacio.

Tras uns anos iniciais algo convulsos, entre o 721 e o 724 acadouse unha pacificación do reino, que a pesar disto vivía unha situación complicada. Os bretóns mantiñan a súa posición de rebeldía, ao tempo que Aquitania estaba en situación de semiindependencia baixo a dirección dos seus duques e na Provenza e no val do Ródano os bispos e os descendentes da nobreza senatorial galo-romana gobernaban

con autonomía. Polo sur, os musulmáns de al-Andalus representaban unha seria ameaza; Carlos Martel detívoo en Poitiers no 732, o que lle permitiu volver integrar Aquitania no reino e recuperar o mando político na Provenza.

Os contidos estruturaránse nas seguintes epígrafes:

- os anos iniciais da mordomía de Carlos Martel: a relación cos distintos territorios que formaban o reino franco;
- a continuidade coas liñas de acción política e militar iniciadas por Pipino: a incorporación de novos territorios;
- a situación en Italia: a relación entre Carlos Martel, o rei lombardo Liutprando e o papado.

1.2. Pipino, primeiro rei carolinxo

Á morte de Carlos Martel o poder repartiuse entre os seus fillos: Carlomán recibiu Austrasia, Turinxia e Alamaña e Pipino Neustria, Borgoña e Provenza. Os dous irmáns decidiron erixir a Childerico III como rei, ante o baleiro no trono desde o 743; buscaban con isto lexitimar o seu mando e someter as rebeldías xurdidas en distintos territorios. O retiro de Carlomán a un mosteiro no ano 747 aplanou o camiño a Pipino, que pasou concentrar todo o poder nas súas mans e aproveitou o feito para avanzar no seu proxecto de converterse en rei. Co apoio do papa Zacarías, Pipino proclamouse rei e Childerico III, último rei merovinxo, foi confinado nun mosteiro.

Neste subapartado explicáranse os seguintes contidos:

- a situación en Italia: a relación co reino lombardo e o papado;
- a submisión efectiva de Aquitania: o nomeamento de condes francos e a pacificación;
- a división do reino á morte de Pipino: o reparto entre Carlomán e Carlomagno, as relacións entre os irmáns e o falecemento de Carlomán (771);
- a panorámica xeral do reino á morte de Pipino: a consolidación da realeza, a alianza co papado e a reconciliación coa igrexa franca.

2. Carlomagno e a coroación imperial do ano 800

Carlomagno, fillo de Pipino, primeiro rei carolinxo, sucedeu ao seu pai tras o falecemento deste no ano 768, aínda que non foi o único. Seguindo unha concepción patrimonial do poder, Pipino dividiu a herdanza do reino entre os seus dous fillos varóns, Carlomán e Carlos. As desavinzas entre os irmáns medraron, acadando unha tensión crecente que parecía abocar a unha contenda que a morte de Carlomán evitou. No ano 771 Carlos, máis tarde coñecido como Carlomagno, asumiu o poder en todo o reino.

Este é o punto de partida dun apartado que presta especial atención á política levada a cabo por Carlomagno en dúas fronteiras, por un lado a conquista de novos territorios que incorpora ao reino franco e por outro lado os cambios no poder que exercía Carlomagno ata converterse na cabeza política da cristiandade occidental. Será de especial importancia o uso de material cartográfico para ilustrar as explicacións, en especial no que refire á expansión territorial do reino franco e a ampliación e consolidación das súas fronteiras. Para facilitar a explicación e o estudo, os contidos serán subdivididos nas seguintes epígrafes:

- a dimensión territorial do reino: a expansión e consolidación das fronteiras
 - o a conquista de Saxonia: as campañas militares e os acordos parciais cos aristócratas, a revolta de Widukind e a pacificación final;
 - o a incorporación de Baviera: da cambiante política de Tassilón entre a vasalaxe e a alianza cos avaros á súa deposición e integración de Baviera na esfera carolinxia;
 - o a anexión do reino lombardo de Italia: a petición de axuda do Papa Adriano, a alianza co papado e a asunción da coroa lombarda por Carlomagno;
 - o a organización das fronteiras: as marcas fronteirizas (*limes britannicus*, *limes hispanicus*, *Danevirke*, *terra Avarorum*).
- a coroación imperial e o novo Imperio Carolinxio
 - o o proxecto de restauración imperial: os movementos políticos previos á coroación, o apoio do papado e a situación en Bizancio;
 - o a coroación: data e ritual empregado;
 - o consecuencias e reaccións á coroación imperial nos ámbitos bizantino e pontificio;
 - o a intitulación imperial e os símbolos empregados polo novo emperador.

3. A organización do Imperio

Antes de ser Carlomagno proclamado emperador, a expansión territorial impulsada polo monarca carolinxo xa concluíra, acadando unhas dimensións inmensas se se comparan coa organización administrativa existente. Tras a coroación imperial, o Imperio gobernado por Carlomagno era moi grande e non podía ser rexido desde un só punto. Fíxose necesario reformar o aparato administrativo nas súas dúas vertentes principais, que serán dúas das tres epígrafes nas que se dividan os contidos deste apartado:

- as institucións do estado: o *Palatium* e a chancelaría;
- a administración territorial: os condados e as funcións dos condes, outros cargos (condes e marqueses) e os *missi dominici* como axentes de control do poder condal;
- a inmunidade e a vasalaxe como institucións compensatorias.

4. Luís o Piadoso e o primeiro reparto do Imperio

Cando faleceu Carlomagno no ano 814 só seguía con vida un dos fillos varóns que tivo ao longo da súa vida con varias mulleres, o que facilitou a súa sucesión. Luís, coñecido co alcume do Piadoso, asumía o título imperial nun contexto cambiante no que o final da política expansiva desembocara nun escenario diferente no que o obxectivo era conservar o adquirido, o que representaba serias dificultades en moitos aspectos. Ademais, o emperador enfrontábase a outro escenario inédito na dinastía: a división da herdanza entre os seus fillos. Esta cuestión sucesoria derivou en importantes tensións no seo do reino, con enfrontamentos entre grupos de presión e fidelidades cambiantes entre uns fillos e outros.

Os distintos proxectos de repartición que se efectuaron ao longo do reinado de Luís o Piadoso (814-840) e os enfrontamentos entre irmáns e destes co propio emperador serán o centro deste apartado, que se estruturará ao redor dos seguintes puntos:

- os proxectos de reparto: da *Ordinatio imperii* do 817 ao último reparto en vida do emperador (839);
- os Xuramentos de Estrasburgo (842): a alianza entre Carlos o Calvo e Luís o Xermánico e a cuestión lingüística;
- o Tratado de Verdún (843) e o reparto final do Imperio entre Lotario, Carlos o Calvo e Luís o Xermánico.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

As actividades propostas refiren á parte interactiva da materia. Aínda que a explicación dos contidos teóricos nas clases expositivas irá sempre acompañada dun exercicio conxunto de repaso ao inicio e final de cada sesión, así como da formulación de preguntas ao alumnado ao longo de cada clase, a participación activa e traballo dirixido do alumnado concentrarase nas sesións interactivas.

Primeira actividade: a coroación imperial de Carlomagno. Duración: 2 horas. En catro grupos de reducido tamaño levaranse a cabo as seguintes tarefas:

- lectura de fontes que narran a coroación imperial de Carlomagno tomadas da *Antología de textos y documentos de Edad Media. I: El Occidente europeo*. A cada grupo asignaráselle un fragmento diferente en latín, coa súa tradución ao castelán, das seguintes fontes:
 - o *Annales Royales*;
 - o *Annales Laureshamenses*;
 - o *Liber Pontificalis*;
 - o *Vita Karoli*.
- traballo sobre o texto asignado:
 - o lectura detallada;
 - o identificación de termos ou conceptos dubidosos (se os houber);

- o busca de información básica sobre as fontes das que están tomadas os fragmentos, así como de bibliografía e imaxes relacionadas coa coroación. Selección dun texto historiográfico (ben un artigo ou ben un capítulo dun manual que estea dispoñíbel en aberto ou a través de Prelo) que deberán ler antes da segunda sesión. A selección de lecturas será supervisada pola docente, que orientará o proceso de busca e ofrecerá a axuda necesaria.
- confrontación das distintas versións dun mesmo acontecemento. Cada grupo explicará ao resto as ideas principais do fragmento sobre o que traballaron e despois procederase a analizar conxuntamente as diferenzas observadas.

Ao final desta actividade, nun prazo máximo de 1 mes, cada alumno ou alumna deberá entregar un exercicio individual por escrito no que faga un comentario dun dos textos traballados na aula, á súa elección. Neste exercicio deberán relacionar o contido do fragmento co explicado nas clases expositivas, así como consultar a bibliografía de referencia sobre o tema e sobre a propia fonte.

Segunda actividade: Carlomagno e o Imperio Carolinxio na investigación actual. Duración: 1 hora. Nesta clase interactiva propónse unha aproximación ao estado actual da investigación ao redor da figura de Carlomagno e do Imperio Carolinxio, para que o alumnado se familiarice coas actuais correntes historiográficas e coñeza o traballo dalgúns dos grandes proxectos que se veñen desenvolvendo nos últimos anos sobre este período, así como que entren en contacto coas Humanidades Dixitais. Deberán, para isto, manexar recursos noutros idiomas, algo esencial na investigación en historia medieval. Coa mesma dinámica de grupos reducidos, deberán traballar sobre un recurso concreto que lle será asignado pola docente e completar unha tarefa específica:

- *The making of Charlemagne Europe*, <https://charlemagneseurope.ac.uk/>. Este é un proxecto centrado nas fontes que conta cun buscador que permite as buscas por documento, axente ou lugar, polo que se lles asignará un exercicio de localización de fontes partindo dun axente e dun lugar concreto;
- *Digital Monumenta Germaniae Historica (dMGH)*, <https://www.dmgf.de/>. Outro proxecto centrado nas fontes, aínda que cun sistema de busca diferente. Propoñerase unha busca dirixida para que se familiaricen coa documentación en latín;
- *Regnum Francorum Online*, <http://francia.ahlfeldt.se/index.php#>. Esta páxina combina as fontes documentais coa representación cartográfica interactiva. O alumnado ao que se lle asigne este recurso terá que buscar determinados topónimos e ver a súa representación no mapa e nas fontes;
- *Mapping Past Societies*, <https://darmc.harvard.edu/>. Neste recurso de cartografía interactiva pódense observar os principais cambios na configuración de fronteiras, así como obter información sobre cidades, evanxelización e outros procesos representábeis nun mapa. O grupo ao

que se lle asigne este recurso deberá localizar as distintas representacións vinculadas co período de Carlomagno e o Imperio Carolinxio.

O ideal é que cada grupo dispoña de polo menos un ordenador con conexión a internet para poder realizar as buscas de bibliografía e imaxes; comunicaráselles con anterioridade á sesión, e no caso de que algún dos grupos non poida dispoñer do material, solicitarase o préstamo do equipamento necesario ao decanato.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA


Os contidos teóricos impartidos nas clases expositivas avaliaranse no control final da materia, que constará de 20 preguntas breves. Dada a importancia desta unidade na materia, 4 desas 20 preguntas (é dicir, un 20 %) estarán relacionadas cos contidos expostos nela. Isto supón que sobre o global da materia a parte teórica da unidade didáctica representa un 8% da cualificación final.

Atendendo ao disposto no programa da materia que figura na páxina web do grao, os contidos traballados nas aulas interactivas serán avaliados do seguinte xeito:

- a participación activa na dinámica tanto do grupo reducido como da posta en común dos resultados formará parte da cualificación final destinada á valoración da participación das clases interactivas (20 %). Para esta parte da avaliación crearase un diario de participación no que rexistrar cada unha das participacións e a pertinencia das mesmas, así como para tomar nota do comportamento durante o tempo de traballo nos grupos reducidos;
- o comentario de texto sobre a coroación de Carlomagno que deben entregar por escrito puntuarase cun máximo de 1 punto sobre o baremo destinado á elaboración de traballos prácticos por escrito (40 %). Para a avaliación deste comentario elaborarse unha rúbrica que estará a disposición do alumnado a través da aula virtual, cos seguintes indicadores: formato e presentación, estrutura interna do texto, adecuación dos contidos, ortografía e gramática e bibliografía.


Tendo en conta o indicado para ambas partes da unidade didáctica, esta supón un 18 % da avaliación final máis a parte proporcional da participación, ao redor do 4 %, o que fai un total dun 22 %.

ANEXOS



Os mordomos carolinxios





Xenealoxía da familia carolinxia. De Pipino de Herstal a Carlos o Calvo

BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía básica

- ÁLVAREZ PALENZUELA, Vicente Ángel (coord.) (2013): *Historia Universal de la Edad Media*, Barcelona: Ariel.
- CLARAMUNT, Salvador, Ermelindo PORTELA, Manuel GONZÁLEZ e Emilio MITRE FERNÁNDEZ (1992): *Historia de la Edad Media*, Barcelona: Ariel.
- COLLINS, Roger (2000): *La Europa de la Alta Edad Media: 300-1000*, Akal: Madrid.
- GARCÍA DE CORTÁZAR, José Ángel e José Ángel SESMA MUÑOZ (2008): *Manual de Historia Medieval*, Madrid: Alianza.
- DUBY, Georges (2007): *Atlas histórico mundial*, Barcelona: Éditions Larousse.
- FALCÓN PÉREZ, María Isabel, Carmen ORCÁSTEGUI GROS, Juan Fernando UTRILLA UTRILLA e José Ángel SESMA MUÑOZ (1976): *Antología de textos y documentos de Edad Media. I: El Occidente europeo*, Valencia: Anubar.
- FOURACRE, Paul (ed.) (2008): *The New Cambridge Medieval History. Volume 1: c.500–c.700*, Cambridge: Cambridge University Press (1ª ed. 2005). DOI: <https://doi.org/10.1017/CHOL9780521362917>.
- LADERO QUESADA, Miguel Ángel (1992): *Historia Universal. Edad Media*, Barcelona: Vicens Vives.
- LE GOFF, Jacques (1999): *La civilización del occidente medieval*, Barcelona: Paidós.
- MACKAY, Angus, David DITCHBURN e Simon MACLEAN (eds.) (2011): *Atlas de Europa Medieval*, Madrid: Cátedra.
- MCKITTERICK, Rosamond (ed.) (2001): *La Alta Edad Media*, Barcelona: Crítica.

- (2008): *The New Cambridge Medieval History. Volume 2: c. 700-c.900*, Cambridge: Cambridge University Press (1ª ed. 1995). DOI: <https://doi.org/10.1017/CHOL9780521362924>.
- MITRE FERNÁNDEZ, Emilio (1995): *Historia de la Edad Media en occidente*, Madrid: Cátedra.
- (2009): *Una primera Europa: Romanos, cristianos y germanos*, Madrid: Encuentro.
- PICARD, Christophe e Michel ZIMMERMANN (2004): *Edad Media: Siglos IV-X*, Granada: Universidad de Granada.
- REUTER, Timothy (ed.) (2008): *The New Cambridge Medieval History. Volume 3: c. 900-c. 1024*, Cambridge: Cambridge University Press (1ª ed. 2000). DOI: <https://doi.org/10.1017/CHOL9780521364478>.
- VERGER, Jacques (1986): *La Alta Edad Media*, Madrid: Sarpe.
- WALLACE-HADRILL, John Michael (2000): *The Barbarian West, 400-1000*, Oxford: Basil Blackwell.
- WICKHAM, Chris (2008): *Una historia nueva de la Alta Edad Media: Europa y el mundo mediterráneo (400-800 d.C.)*, Barcelona: Crítica.
- (2016): *Medieval Europe*, New Haven: Yale University Press. DOI: <https://doi.org/10.12987/9780300222210>.

Bibliografía complementaria

- ARNOLD, Benjamin (1997): *Medieval Germany, 500-1300: A political interpretation*. Toronto: University of Toronto Press. DOI: <https://doi.org/10.1007/978-1-349-25677-8>.
- (2009): *Princes and Territories in Medieval Germany*, Cambridge: Cambridge University Press (1ª ed. 1991). DOI: <https://doi.org/10.1017/CBO9780511583674>.
- BARBERO, Alessandro (2001), *Carlomagno*, Barcelona: Ariel.
- EGINHARD (1999): *Vida de Carlomagno (Vita Karoli Magni)*, trad. Alejandra de RIQUER, Madrid: Gredos.
- HALPHEN, Louis (1992): *Carlomagno y el Imperio Carolingio*, Madrid: Akal.
- ISLA FREZ, Amancio (1993): *La Europa de los carolingios*, Madrid: Síntesis.
- JONG, Mayke de (2015): “The Empire that was always Decaying: The Carolingians (800-888)”, *Medieval Worlds Comparative & Interdisciplinary Studies*, vol.2, pp. 6-25. DOI: https://doi.org/10.1553/medievalworlds_no2_2015s6.
- MITRE FERNÁNDEZ, Emilio (1998): *Textos y documentos de época medieval*, Barcelona: Ariel.
- MCKITTERICK, Rosamond (2009): *The Carolingians and the written word*, Cambridge: Cambridge University Press (1ª ed. 1989). DOI: <https://doi.org/10.1017/CBO9780511583599>.
- NELSON, Janet L. (2009): “Charlemagne and the Paradoxes of Power”, in Patricia Skinner (ed.), *Challenging the Boundaries of Medieval History: The Legacy of Timothy Reuter*, Turnhout: Brepols, pp. 29-50. DOI: <https://doi.org/10.1484/m.sem-eb.3.1919>.

- NOBLE, Thomas F. X. (2006): *From Roman provinces to Medieval kingdoms*, London: Routledge. DOI: <https://doi.org/10.4324/9780203322956>.
- REUTER, Timothy (2014): *Germany in the early Middle Ages, 800-1056*, London, New York: Routledge (1ª ed. 1992). DOI: <https://doi.org/10.4324/9781315836942>.
- RICHÉ, Pierre (1983): *Les Carolingiens. Une famille qui fit l'Europe*, París: Hachette.
- YOUNG, Andrew T. (2019): "The Carolingians, the Church, and the medieval constitution", *The Social Science Journal*, vol. 56, n. 3, pp. 358-366. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.soscij.2018.08.004>.

Recursos en liña

- Digital Monumenta Germaniae Historica (dMGH)*, <https://www.dmgh.de/>.
- Impreso solicitud para verificación de títulos oficiales*, Grao en Historia, 2014, , https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/WJY_ehGkiJ9hBYoNGbASMAhYDVYkzwKqThOxFluClV0/1635401117/public/plan/2021-09/Historia.pdf.
- Mapping Past Societies*, <https://darmc.harvard.edu/>.
- Programa da materia Historia Medieval I*, Grao en Historia, Universidade de Santiago de Compostela, <https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/artes-humanidades/grao-historia/20212022/historia-medieval-12655-12248-2-78191>.
- Regnum Francorum Online*, <http://francia.ahlfeldt.se/index.php#>.
- The making of Charlemagne Europe*, <https://charlemagneurope.ac.uk/>.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidades didácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

